



Aprobado o orzamento de 2023, que ascende a máis de 4,2 millóns de euros

O Concello de Boqueixón incrementa en 633.000 euros o presuposto con respecto ao 2022 sen ningunha subida de taxas nin de impostos

O Pleno de Boqueixón aprobou en sesión extraordinaria os orzamentos de 2023, que ascenden a 4.217,469,14 euros, están equilibrados en gastos e ingresos e supoñen un incremento do 17,8% con respecto ao ano anterior. Uns orzamentos que saíron adiante cos votos a favor do grupo de Goberno.

O concelleiro de Economía e Facenda, José Manuel Iglesias, foi o encargado de resumir os principais puntos dunhas contas investidoras, que reforzan os servizos sociais que se prestan á veciñanza e que non recollen incremento ningún en taxas e impostos. Iglesias volveu insistir un ano máis en que o capítulo de inversión reais, como todo o orzamento, é un documento vivo e que se irá modificando “en función das necesidades e das subvencións que vaiamos conseguindo xa que o Concello de Boqueixón conta con remanentes que nos permiten tanto facer fronte á nosa parte dos convenios como acometer con fondos propios calquera actuación que sexa necesaria”.

Medra a inversión

Así, o capítulo de inversións para o ano 2023 recolle os 124.865,05 euros correspondentes ao POS+,



Minuto de silencio polas mulleres vítimas da violencia machista

se ben Iglesias lembrou que “temos aprobado dous proxectos do Programa DUS 5000 por valor de 4,6 millóns de euros para completar o cambio a LED de todas as luminarias do municipio e a construción de máis de 17 quilómetros de sendas peonís, dos que o Concello terá que achegar 703.000 euros”.

José Manuel Iglesias exemplificou esta situación cos datos do orzamento de 2022 que “con 3,5 millóns nin sequera recollían as inversións do POS pero, coas dúas modificacións que fixemos, se executaron investimentos en Boqueixón por un importe de 1.484.000 euros en infraestruturas, parques infantís, melloras no parque empresarial de Camporrapado”.

Baixan os gastos

No apartado de gastos, e a pesar de recoller un incremento do 4% nas retribucións ao persoal, os gastos de persoal perden peso con respecto ao resto do orzamento: se representaban o 40,7% do gasto de 2020, serán só do 35,01% no 2023. Así mesmo, reducirase a partida para retribucións dos órganos de Goberno pola xubilación de Jesús Sanjuás, concelleiro de Servizos Xerais, Seguridade, Medio Ambiente, Vías e Obras.

A sesión, celebrada o pasado 8 de marzo, comezou coa lectura dunha declaración institucional con motivo da celebración do Día Internacional da Muller e un minuto de silencio por todas as vítimas da violencia de xénero.

Máis de 750.000 euros para atención social

O Orzamento de Boqueixón para 2023 recolle 750.000 euros para atención social, 200.000 euros máis co exercicio anterior. Tamén se inclúen 8.000 euros en axudas para o fomento da natalidade, 15.000 para as axudas a actividades do tecido asociativo, 91.000 euros para limpeza escola e 30.000 euros por se fora preciso externalizar o contrato de recollida de residuos sólidos urbanos no último trimestre de ano.

Finalmente, os orzamentos manteñen a mesma previsión de ingresos por impostos directos e indirectos cos de 2022, e non contemplan aumentos nas taxas municipais. Iso si, prevén máis ingresos polo imposto de construción. “Nos dous primeiros meses de 2023 ingresáronse 26.400 euros. Non vai ser algo lineal pero agardamos que sexa o inicio dunha campaña interesante”, apunta José M. Iglesias.

Certame de relato curto X. Neira Vilas

A biblioteca municipal e o CPI Antonio Orza Couro recollen ata o 21 de abril as obras do IX Certame de relato curto Xosé Neira Vilas, que este ano ábrese á participación de veciños/as de Boqueixón e non só ao alumnado do colexio. Bases en www.boqueixon.gal.

Xestión da biomasa, antes do 31 de maio

O Concello lembra que, de acordo coa normativa forestal para previr lumes, as persoas propietarias deberán xestionar a biomasa nas franxas secundarias antes do 31 de maio, realizando rozas ou cortas nas zonas próximas a núcleos de poboación.

Renova ou obtén o DNI o 13 de abril

A Unidade Móbil do DNI estará o xoves 13 de abril na casa do Concello de Boqueixón, a partir das 9:00 h. Para acudir é preciso pedir cita previa: 981 51 30 61.

Xa hai data para o Galiforest Abanca

Boqueixón acollerá o monográfico forestal Galiforest Abanca, que celebrará a súa sétima edición do 27 ao 29 de xuño de 2024 no CFEA de Sergude.



Acabadas as melloras nos parques das Unitarias de Lestedo e Camporrapado

O Concello de Boqueixón vén de rematar as obras de mellora nos parques infantís das escolas unitarias de Lestedo e Camporrapado, nas que investiu case 58.000 euros con cargo ao Remanente de Tesourería.

Uns traballos que incluíron o cambio do solo de ambas as dúas instalacións

por outro de caucho continuo absorbedor de impactos, así como a posta a punto de varios dos xogos infantís.

Deste proxecto queda pendente o inicio das obras de construción dun novo parque infantil no campo da festa de Lestedo que, como xa se informou no número

anterior da Xanela, atrasouse debido á renuncia da empresa adxudicataria das obras.

Dende o Concello lembramos que ambos parques infantís son instalacións públicas, polo que están abertos ao seu uso polos nenos e nenas incluso fora do horario escolar.



Os parques infantís das escolas de Camporrapado (arriba) e Lestedo (abaixo) están abertos para o seu uso público

Edita: Concello de Boqueixón. Forte, s/n.
15881 Boqueixón.

Web: www.boqueixon.es/com

Correo electrónico: concello@boqueixon.com

Redacción e maquetación: Nós Comunicación

Distribución gratuíta

Oficinas xerais: 981 51 30 61

Educación e Cultura: 981 51 31 15

Servicios Sociais / CIM: 981 51 30 06

A Xunta investirá 5,8 millóns na parcelaria de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo

O procedemento iniciarase a finais de 2023, unha vez se contrate a empresa que fará o levantamento topográfico e redactará as bases da concentración

A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, mantivo unha reunión informativa cos veciños beneficiados pola concentración parcelaria de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo. Este proceso prevé reorganizar unha superficie de 1.957 hectáreas divididas en 10.460 parcelas, propiedade de 1.195 veciños e veciñas.

Unha reunión que tivo lugar no local social de Lamas e na que a Inés Santé estivo acompañada polo alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín; o deputado autonómico Ovidio Rodeiro Tato; e técnicos da Consellería do Medio Rural. A directora xeral sinalou que para levar a cabo este proceso, a Xunta ten previsto investir un orzamento de 5.871.000 euros, co fin de mellorar a estrutura territorial da zona e beneficiar tamén as 136 explotacións agropecuarias existentes.

Manuel Fernández Munín lembrou que “foron os veciños e veciñas quen solicitaron este proceso de concentración, que dende



A directora xeral do AGADER explicou á veciñanza o proceso de reestruturación



O local social de Lamas quedou pequeno para acoller aos propietarios/as

o principio foi apoiado polo Concello para reorganizar mellor o territorio e mellorar as condicións técnicas e económicas das explotacións en activo que hai na zona, na súa maioría de vacún, équidos e porcos”.

Documentación

Pola súa banda, Ovidio Rodeiro fixo fincapé na importancia de que toda a veciñanza recompile toda a documentación referida ás súas propiedades para dispoñer dela cando se ini-

cie o procedemento, que os técnicos agardan que sexa a finais deste ano 2023. De feito, o próximo investimento serán os 472.084 euros destinados á contratación da empresa que se encargará do levantamento topográfico e redacción das bases da concentración parcelaria.

O uso do solo forestal é maioritario na zona da concentración parcelaria xa que a superficie ocupada por terreos forestais, pastos arbustivos e terras arables ascende ao 97,82%. Así, a futura redistribución de cultivos permitirá un mellor aproveitamento dos predios de substitución, pensando máis na mellora dos accesos e na forma dos predios que nun cambio do propio cultivo. Ademais, con esta reestruturación aproveitaranse os abandonos e matogueiras, que poden integrarse na superficie agraria útil das explotacións. Isto repercutirá positivamente nos seus propietarios, que poderán aumentar a carga gandeira e o nivel competitivo das súas explotacións.

CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
03 abr	09 abr	Loureda	Campo da festa
10 abr	16 abr	Gastrar	Campo da festa
17 abr	23 abr	Boqueixón	Campo da festa
24 abr	30 abr	Codeso-Donas	Campo da festa de Codeso
01 mai	14 mai	Oural-Pousada-Sucira	Casa da Cultura
15 mai	21 mai	Ledesma	Campo da festa
22 mai	28 mai	A Granxa	Campo da festa

Máis de 200.000 euros en aglomerado de estradas financiados con fondos do Concello

O Concello de Boqueixón vén de rematar o Plan municipal de Actuacións, unha iniciativa de mellora das estradas municipais executada con fondos propios do propio Concello. As dúas últimas actuacións rematadas suman case 203.000 euros e correspóndense co aglomerado do firme do viario da pista de Casalpegito á Moa, que xa conta coa correspondente pintado e sinalización horizontal; e o aglomerado do camiño entre Ardarís e Rubial. Dúas actuacións acometidas pola empresa Obras y Viales de Galicia SL. e que, ademais da reparación de fochancas previa a un aglomerado de 6 centímetros, tamén incluíron melloras na seguridade como cunetas de seguridade, ampliación da calzada e colocación de novas sinais de Stop.



Aglomerado de Casalpegito á Moa, onde se mellorará o viario cara á Pena



Mellora do firme con aglomerado no camiño entre Ardarís e Rubial

Máis melloras en fase de licitación

O Concello de Boqueixón está a licitar outros 240.000 € en mellora de estradas: do cruce de Ardilleiro Grande ao cruce de Ardilleiro Pequeno, dende o cruceiro de Pousada ata Granxola, do camiño da AC-240 a Loureiro, de Pumariño ao cruce da estrada da igrexa, do camiño de Pumares á fábrica de formigón, do viario da Pena ao límite con Touro, do Polígono a Deseiro de Arriba, de Quián a Ardilleiro, de Ramil á rúa Tucho Quinteiro e dunha pista en Pazos.



Alumnado de Boqueixón xoga un torneo de fútbol gaélico en Berlín

Un grupo de 20 alumnos e alumnas de 3º de ESO do CPI Antonio Orza Couto veñen de disputar un torneo europeo de Fútbol Gaélico en Berlín, no que competiron con equipos de distintos países de Europa representando a Galicia. A actividade, promovida polo Departamento de Educación física e xestionada pola Asociación Galega de fútbol Gaélico, desenvolveuse na fin de semana do 24 marzo. Tras varios meses de adestramento o alumnado non chegou a alcanzar as semifinais, pero volveu cun merecido trofeo á deportividade polo bo traballo desenvolvido como grupo.

Exitoso debut de Alejandra Louzao e Noemí Calveiro co Club Squadra

O Club Squadra Boqueixón vén de incorporar dúas novas ximnastas ao seu equipo: Alejandra Louzao Basteiro e Noemí Calveiro Álvarez. E o seu debut na competición non puido ser mellor. Alejandra conseguía un terceiro posto en Pontevedra, no torneo organizado polo Club Pontus Veteris; mentres que Noemí foi cuarta no Grove, no campionato organizado polo Club Biqueira.



O prazo de inscrición nos Campamentos de Verán abrirase do 24 ao 28 de abril

O departamento de xuventude do Concello de Boqueixón presenta unha nova campaña dos campamentos de verán. Trátase dunha actividades socio-educativa e de desenvolvemento persoal da rapazada que busca potenciar as relacións entre eles mentres desfrutan de actividades que promoven os hábitos de conduta saudables, o contacto coa natureza ou a convivencia entre iguais.

O Concello de Boqueixón convocará dous campamentos, un infantil (nados/as entre o 2011 e 2014) e outro xuvenil (nados/as entre 2007 e 2010), nunha zona costeira. A que si está decidida xa é a data: do 23 ao 30 de xuño.

O número de prazas será limitado, tendo preferencia as persoas empadroadas



O voluntariado boqueixonés dinamizará o Camiño de Santiago

O Concello de Boqueixón desenvolverá do 15 ao 26 de xullo "Visualizando camiños", un campo de voluntariado medioambiental e de dinamización no que se recollerá información arredor do Camiño de Santiago por boca das persoas maiores de Boqueixón e de Vedra. As quince persoas participantes, de entre 18 e 30 anos de idade, tamén farán unha campaña promulgadora dos camiños de Santiago da Vía da Prata, o Miñoto Ribeiro e o Camiño de Inverno, mediante a creación de contidos audiovisuais. Inscricións dende o 18 de abril en <http://xuventude.xunta.es/accion-de-veran>

en Boqueixón e as matriculadas nun centro educativo no municipio. De haber máis solicitudes ca prazas, realizarase un sorteo. As inscricións poderán realizarse do 24 ao 28 de abril en www.boqueixon.gal.

Campamentos da Xunta

Por outra banda, a Xunta vén de presentar a súa campaña de verán, denominada "O verán que sempre vas lembrar": 11.238 prazas en campamentos, campos de voluntariado, minicampamentos e outras propostas. Unha oferta para persoas entre os 9 e os 30 anos.

O período para solicitar praza abrirase do 18 de abril ata o 2 de maio en sede.xunta.gal. Máis información na web de Xuventude: <http://xuventude.xunta.es/accion-de-veran>.

Avanzan as obras da residencia de estudantes do CFEA de Sergude

O conselleiro do Medio Rural, José González, e o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, comprobaron o pasado mes de marzo o avance das obras da residencia de estudantes do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude, no marco do futuro Espello do Rural Galego. O obxectivo é modernizar as instalacións e ampliar o número de prazas ás necesidades actuais. Isto supón o primeiro paso do futuro Centro de promoción e imaxe dos produtos agrícolas, gandeiros e forestais de Galicia, que se vai instalar no Pazo de Quián.



A comunidade educativa da EIM Raíña Lupa aposta polas "3 R"

A escola infantil municipal Raíña Lupa puxo en marcha o proxecto "O reino das tres R" (reducir, reutilizar e reciclar), convertendo a escola e a súa contorna nun lugar no que se aposta polo consumo responsable tanto entre o alumnado como entre as súas familias, que reducen o consumo de materiais e os reutilizan dándolles novos usos.

Así, a comunidade educativa da EIM Raíña Lupa vén de organizar unha exposición nas que as pezas participantes están realizadas con material de refugallo reutilizado.



A comunicación centra a xornada Educar en Familia

O programa educativo "Educar en Familia" volve o sábado 22 de abril coa sesión "Pautas para unha boa comunicación", que terá lugar de 10:00 a 13:00 horas en Enoturismo María Manuela (Pousada). Trátase dunha iniciativa gratuíta dirixida a pais e nais con crianzas en Infantil e Primaria, que está coordinada polo Servizo de Prevención de Condutas Adictivas coa colaboración da Consellería de Sanidade.

As persoas interesadas en participar deberán anotarse no 981 513 115. Haberá servizo de gardería para a cativada.

Un novo programa achegará as novas tecnoloxías ás persoas maiores

O Concello de Boqueixón colaborará coa Fundación Amigos de Galicia e a Xunta de Galicia na posta en marcha do programa de acompañamento "Nosos maiores, mellor acompañados". Trátase dunha iniciativa gratuíta dirixida ás persoas maiores de Boqueixón, en especial aquelas persoas que vivan soas, para promover un envellecemento activo mediante a súa sociabilización e dixitalización. Para iso, ofreceranlles catro sesións nas que lles ensinarán a manexar o teléfono móbil e os ordenadores para realizar xestións a través de Internet (pedir citas médicas ou coa Administración, banca electrónica...).

Serán un total de 10 horas de formación, repartidas en catro sesións que



terán lugar os días 19 e 26 de abril, así como o 3 e 10 de maio. As clases celebraranse na biblioteca municipal de Boqueixón, en horario de 10:00 a 12:30 horas. A participación é gratuíta, sendo preciso anotarse previamente no Departamento de Cultura ou chamando ao teléfono 981 513 115.

Os obradoiros contan cun simulador de caixeiro automático bancario e teléfono móbil para que, de forma práctica, os/as alumnos/as poidan experimentar unha aprendizaxe significativa e interiorizar as actividades propostas; tales como solicitar unha cita médica a través da APP móbil do Sergas, gardar quenda no seu Concello ou Centro de saúde, sacar diñeiro no caixeiro, actualizar a súa cartilla ou manexar os seus teléfonos móbiles.

Uns obradoiros prácticos e sinxelos que teñen como obxectivo final favorecer a independencia dixital das persoas maiores de Boqueixón, para que así poidan levar a cabo as súas tarefas diarias de maneira autónoma.



Renovada a colaboración coa Asociación de Persoas Xordas

O Concello de Boqueixón vén de renovar a colaboración coa Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela (APSSC), entidade coa que leva anos colaborando. Dende a asociación trasladáronlle ao alcalde, Manuel Fernández Munín, as necesidades da comunidade xorda e o traballo diario da entidade, facendo fincapé na ausencia de persoas que dominen a linguaxe de signos.

Irene Ferreiro logra o quinto posto no Campionato de Galicia Escolar de Judo, categoría sub-15

A veciña de Boqueixón Irene Ferreiro vén de conseguir o quinto posto no Campionato de Galicia Escolar de Judo, na categoría sub-15 para loitadoras de menos de corenta quilos. Un triunfo que pon tamén o valor do Judo que se practica no noso municipio a través do club Judo Boqueixón.

En breve publicaranse na web www.boqueixón.gal as datas do Torneo de Judo, que terá lugar no pavillón do Forte.





Andaina, contacontos e deporte para conmemorar o Día da Muller

O Concello de Boqueixón, a través do Centro de Información á Muller, elaborou un amplo programa para conmemorar o Día da Muller. Así, a Casa do Concello acolleu a tradicional concentración do 8 de marzo, onde se deu lectura a unha declaración institucional, que foi presentada tamén no Pleno municipal.

A maiores, o CIM organizou catro sesións de contacontos que, baixo o título "Tardes en Igualdade", buscou sensibilizar á rapazada en igualdade, tolerancia e respecto aos demais. Uns valores que tamén estiveron presentes na andaina "8M no camiño da igualdade",

que o 12 de marzo reuniu a máis dun cento de persoas convocadas polos Concellos de Boqueixón, Touro e Vedra.

Finalmente, o CPI Orza Couto acolleu "Deporte: Igualdade de xénero", un encontro da rapazada con mulleres deportistas de éxito que serviu para poñer en valor a importancia de rachar con prexuízos sexistas e aceptar a inclusión na práctica deportiva. Na charla participaron Verónica Calvo Dopazo, Ainhoa Rodríguez, Rosa Sierra e Elena Sierra, que foron introducidas por Cristina Carbajales e Yolanda Neira, directora e psicóloga do CIM de Boqueixón.





Excursión dos maiores a Medina del Campo e Ávila

Maiores de Boqueixón e Vedra participaron nunha viaxe de tres días a Medina del Campo e Ávila organizada polos Concellos de Boqueixón e Vedra. Durante a excursión coñeceron lugares como o mosteiro do Escorial, as murallas de Ávila, o Castelo da Mota, a catedral de Ávila ou a vila de Arévalo. Así mesmo, achegáronse a unha adega en Rueda onde, ademais de coñecer o proceso produtivo do viño, participaron nunha cata de tres viños.

Talleres infantís o venres 21 de abril na biblioteca municipal para conmemorar o Día do Libro

A Biblioteca Municipal de Boqueixón conmemorará o Día Mundial do Libro, que terá lugar o domingo 23 de abril, celebrando varios talleres infantís na tarde do venres

21 de abril. Unhas actividades dirixidas a un público infantil e nas que haberá moitas sorpresas para a rapazada que participe. Máis información e inscricións na propia biblioteca.



AXENDA DO MES DE ABRIL

Xoves
13

Visita da Unidade Móbil do DNI

Casa do Concello.
A partir das 9:00 horas.
Inscricións: 981 51 30 61.

Mércores
19

Mellor acompañados: formación en competencias dixitais

Biblioteca Municipal.
De 10:00 a 12:30 horas
Inscricións: 981 51 31 15.

Venres
21

Día do Libro

Biblioteca Municipal. Pola tarde.
Talleres infantís.
Inscricións: 981 51 30 61.

Venres
21

IX Certame de relato curto Xosé Neira Vilas

Fin do prazo de entrega na Biblioteca Municipal ou no CPI Antonio Orza Couto.

Aberto a persoas adultas empadroadas en Boqueixón.
Bases en www.boqueixon.gal.

Sábado
22

Educar en familia: pautas para unha boa comunicación

Enoturismo María Manuela (Pousada). De 10:30 a 13:30 h.
Dirixido a pais e nais con crianzas en Infantil e Primaria.
Inscricións: 981 513 115.

Luns
24

Benestar emocional

CPI Antonio Orza Couto
Alumnado de 3º e 4º da ESO.
Colab: Consellería de Sanidade.

Luns
24

Campamentos de Verán

Apertura de inscricións ata o 28 de abril. 981 51 31 15.

Mércores
26

Mellor acompañados: formación en competencias dixitais

Biblioteca Municipal.
De 10:00 a 12:30 horas
Inscricións: 981 51 31 15.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 061
cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com